

**AUTORIZACIÓN PARA ALUMNADO MENOR DE 14 ANOS:****USO DE SERVICIOS E RECURSOS DIXITAIS EN INTERNET (G SUITE FOR EDUCATION)****DATOS DO ALUMNO:**

Nome e apelidos: .....

**DATOS DA FAMILIA:**D./Dña ....., con DNI .....  
en calidade de pai / nai / representante legal do alumno **(rodee unha opción)**D./Dña ....., con DNI .....  
en calidade de pai / nai / representante legal do alumno **(rodee unha opción)****----- MANIFESTAN -----**Que coñecen, leron e comprenderon a política de uso das contas G Suite for Education e demais información relativa disponible na web ([www.colexiosanpiox.gal/gsuite](http://www.colexiosanpiox.gal/gsuite)) e que: **SI** acepta dita política **NON** acepta dita política**No caso de que SI acepte a política de uso:** **SI**, outorgo o meu consentimento para que o meu fillo/a teña unha conta de G Suite for Education, que será automaticamente renovada cada ano vindeiro ata que abandone o centro ou decida recogar este permiso. **NON** outorgo o meu consentimento para que o meu fillo/a teña unha conta G Suite for Education

Sinatura da nai

Sinatura do pai

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

**É necesario que asinen ambos proxenitores.** No caso de que unicamente apareza un deles, a persoa que asina deberá achegar un documento no que manifeste o motivo polo cal só firma ela.**EN OURENSE, a ..... de ..... de 2019.**

## **PREGUNTAS E RESPOSTAS MÁIS FRECUENTES:**

### **Cal será o nome de usuario da conta do meu fillo?**

Todas as contas de usuario funcionan baixo o dominio .GAL do noso centro. O alumnado non pode escoller un nome de usuario específico, xa que a súa creación ven determinada polo seguinte procedemento estandarizado: nome + inicial do primeiro apelido + inicial do segundo apelido + @colexiosanpiox.gal

### **Como escollemos un contrasinal? Se nos esquecemos del, como xeramos un novo?**

Unha vez autorizada a creación dunha conta G Suite for Education o responsable do proxecto solicitará á familia que escolla un contrasinal da conta seguindo unhas directrices básicas en materia de seguridade: emprego combinado de maiúsculas, minúsculas e números. A clave seralle entregada en sobre pechado para que a introduza no sistema e quedará baixo a súa garda e custodia. Se o esquecedes ou necesidades cambialo debes contactar co responsable de G Suite for Education no centro.

### **O uso de G Suite for Education é cualificable? Constitúe un criterio de avaliación da materia?**

NON. Rotundamente non. Consideramos que G Suite for Education pode ser unha valiosa ferramenta para mellorar a aprendizaxe e que os estudantes acaden mellores resultados académicos pois permite proporcionar recursos educativos accesibles en variadas situacións e dispositivos. Aumentar a exposición do alumnado a estes estímulos sempre resulta beneficioso pero o feito de utilizar e acceder a G Suite for Education nunca será un criterio de avaliación, xa que poden existir variables que condicionen o acceso a estas ferramentas ou familias que non as autoricen. Esta casuística debe ser respectada e non penalizada.

### **Que sucede coa conta do meu fillo/a ao rematar do curso?**

Se o voso fillo/a continúa os estudos seguirá gozando do servizo de xeito continuo, salvo que vostede manifeste o contrario. Se solicita un traslado de centro ou remata a educación primaria a conta será eliminada durante os seguintes 30 días de producirse dita circunstancia; perderase o acceso e os datos contidos nela non serán transferidos a outra conta, polo que serán eliminados. É responsabilidade do usuario/a facer unha copia de seguridade previa.

### **Podo solicitar a eliminación da conta en calquera momento?**

SI. Sempre que o desexe pode revogar o seu consentimento e a conta será eliminada segundo o procedemento establecido.

### **Hay anuncios en G Suite?**

NON. Nos dominios de institucións educativas a publicación de anuncios está desactivada nos servizos de G Suite for Education e os usuarios deste paquete de ferramentas de ensino primario e secundario non verán os anuncios cando utilicen a Procura de Google mentres estean conectados ás súas contas de G Suite for Education.

### **Google vende os datos das escolas ou do alumnado a terceiros?**

NON. Google non vende os datos de G Suite for Education a terceiros nin comparte con terceiros a información persoal que se atopa nos sistemas, salvo nalgunhas circunstancias excepcionais descritas no **Acordo de G Suite** e na súa **Política de Privacidade**, como cando se lle pide que a comparta ou cando se lle esixa facelo por lei.

**Máis información:** <https://colexiosanpiox.gal/gsuite/>